

# Forte ralentización do crecemento económico galego en 2002.

Os datos da contabilidade trimestral de Galiza do ano 2002, publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), permiten-nos avaliar a evolución da produción galega nos últimos anos.

PIB: Taxas de variación interanual.										
Operacións	2001					2002				
	Media	1º	2º	3º	4º	Media	1º	2º	3º	4º
Agricultura e pesca	<b>0,0</b>	-1,7	-0,2	0,8	1,3	<b>0,6</b>	1,2	0,8	0,3	-0,1
Industria	<b>2,9</b>	4,3	3,4	2,4	1,5	<b>1,0</b>	0,9	0,8	0,9	1,2
Construción	<b>4,8</b>	5,2	4,9	4,7	4,4	<b>3,1</b>	3,8	3,2	2,8	2,6
Servizos	<b>2,8</b>	3,1	2,9	2,8	2,7	<b>2,3</b>	2,6	2,4	2,2	2,0
<b>PIB</b>	<b>2,7</b>	<b>3,0</b>	<b>2,8</b>	<b>2,7</b>	<b>2,4</b>	<b>1,9</b>	<b>2,2</b>	<b>1,9</b>	<b>1,8</b>	<b>1,7</b>

Fonte: Contabilidade Trimestral de Galiza. IGE

O século XXI non comezou ben para a economía galega; no ano 2002, ao igual que pasara no ano 2001 produciuse unha ralentización importante no ritmo de crecemento da economía. Neste último ano, o incremento do produto interior bruto foi dun 1,9% fronte ao 2,7%, que medrara no ano pasado, 8 décimas menos.

## O PIB en Galiza medrou 8 décimas menos que en 2001

Se cadra, máis preocupante que esta ralentización do crecemento é a evolución ao longo do ano, xa que se produce un descenso paulatino. No primeiro trimestre o incremento foi do 2,2% mentres que no último sómente medrou un 1,7%.

Por sectores, salvo no primario, que remata o ano cun incremento positivo dun 0,6% con respecto a 2001; no resto existe retroceso en todos.

Volvendo ao sector primario, aínda que remata cunha achega media positiva, a súa evolución trimestral demanda outra lectura. Partindo dun aumento dun 1,2% no primeiro trimestre, sofre un descenso paulatino ao longo do ano até o cuarto trimestre, en que desce un 0,1%. O futuro deste sector non parece nada esperanzador en vista dos datos anteriores, co agravante de que todo o relacionado coa crise do Prestige –que afecta máis directamente a este sector– os seus efectos vanse deixar ver, cando menos, ao longo do ano seguinte.

Os sectores non primarios medraron en conxunto un 2,1%, un punto menos que o ano anterior; o decrecemento afectou todos os sectores, sendo maior no caso do sector industrial.

O sector industrial medrou sómente un 1,0%, no ano 2002 fronte ao 2,9% do ano anterior. Máis certo que parece que no último trimestre se percebe unha lixeira recuperación, aínda así, o declive neste últimos anos foi espectacular; no ano 2000, o sector estaba medrando por riba do 5%.

No que atinxe á construción, o motor económico no período recente da nosa economía amosa, así mesmo, signos de debilidade ao aumentar o seu contributo ao PIB un 3,1% no ano 2002 fronte ao 4,8% do ano anterior. Aínda así, segue a ser o sector que máis medrou neste último ano.

Servizos medrou medio punto menos que en 2001, ao pasar dun 2,8% a un 2,3%.

Vemos que, agás no sector primário, o declive foi xeneralizado, e é lixeiramente maior ao descenso da media estatal. O PIB medrou un 2% no Estado español, mentres en Galiza quedou lixeiramente por baixo, o 1,9%.

Mália este reequilíbrio dos últimos anos, o sector servizos segue sendo preponderante na economía galega. A seguir, amosamos os datos do PIB en milleiros de euros por sectores económicos:

<b>PIB e os seus compoñentes. Prezos correntes.</b>				
	<b>2001</b>		<b>2002</b>	
Valor	Absolutos	Relativos	Absolutos	Relativos
Agricultura e pesca	1.721,09	5,78	1.730,76	5,71
Indústria	6.261,60	21,04	6.321,22	20,85
Construción	3.058,93	10,28	3.153,75	10,40
Servizos	15.981,21	53,70	16.346,39	53,92
Impostos sobre produtos	2.737,55	9,20	2.766,52	9,12
<b>PIB. pm</b>	<b>29.759,94</b>	<b>100</b>	<b>30.318,67</b>	<b>100</b>

Fonte IGE: Contabilidade Trimestral de Galiza. Base 1995. Avanzo de datos.

Continua o proceso de terciarización da economía galega; mália a ralentización que no seu crecemento padeceu o sector servizos nos dous últimos anos segue achegando perto do 54% do PIB galego despois de subir dúas décimas respecto ao ano anterior.

O sector primário, e apesar da lixeira recuperación deste último ano, continua a perder peso na economía de Galiza; nestes momentos somente achega o 5,71% ao PIB total.

O auxe que experimentou a construción nestes últimos anos fixo que a súa achega á economía galega se situase por riba do 10%; concretamente no ano 2002 achegou o 10,4% do PIB.

A industria perdeu peso en 2002, e nestes momento achega o 20,8% da produción galega.

Con respecto á media estatal, dicíamos ao principio deste documento que neste último ano a economía galega medrou unha décima menos que a estatal, pero tan importante como isto é a creación de emprego, que en Galiza segue a ser a gran materia pendente.

A evolución do incremento do emprego e do Valor Engadido Bruto (VEB), nos últimos anos, que amosamos a continuación, permite-nos facer a dita aseveración:

<b>Galicia</b>			<b>Galicia</b>			<b>Estado Español</b>		
	<b>VEB</b>	<b>Emprego</b>		<b>VEB</b>	<b>Emprego</b>		<b>VEB</b>	<b>Emprego</b>
1996	2,7	-0,8	1996	2,2	-0,8	1996	2,4	2,9
1997	3,2	-0,9	1997	3,3	-0,9	1997	4,0	3,0
1998	3,4	1,7	1998	3,1	1,7	1998	4,3	3,3
1999	3,8	2,6	1999	3,6	2,6	1999	4,2	4,6
2000	4,1	4,7	2000	2,8	4,7	2000	4,1	5,5
2001	2,9	0,1	2001	2,3	0,1	2001	2,6	3,7
2002	1,9	0,9	2002	1,9	0,9	2002	2,0	1,9

Fonte IGE:

Fonte INE:

Fonte INE:

O de pór para Galiza dous datos distintos, de fontes distintas, obedece á polémica aberta entre o IGE e o INE sobre o incremento da produción nos últimos anos. O IGE facilita unhas taxas de variación interanual para a nosa Comunidade moi superiores ás que fornece o INE. Ante a falla dun criterio obxectivo para decantar-nos por algunha das fontes, optamos por amosar as dúas.

En calquer caso, o que si é claro, é que a creación de emprego foi moi feble, nalguns casos incluso negativa, mentres que o medre da produción -utilícese unha fonte ou outra- foi positiva todoss anos, cuns incrementos moi importantes nalgúns deles.

Na média do Estado español, segundo os datos do INE, o medre da produción foi moito máis importante que en Galiza nestes últimos 7 anos (en Galiza medrou un 20,8% o PIB desde o ano 1995 mentres que no Estado nestes mesmos anos medrou un 26,4%, 6 puntos de diferenza); o IGE aproxima moito máis estas diferenzas. En calquer caso, a creación de emprego en Galiza é moito máis débil.

No que atinxe á posición de Galiza, e do Estado español, dentro da Unión Europea, segundo o PIB por habitante medido en termos de paridade de poder adquisitivo, o INE situa o Estado español no 84% da média da Unión Europea, 6 puntos por riba que en 1995; houbo pois un achegamento á média comunitaria pero con importantes diferenzas entre as distintas comunidades do Estado.

Galiza é das comunidades autónomas situadas por debaixo do 75% da média comunitaria que menos distancias acurtou neste último período. Dicíamos antes que a média do Estado se acercou en 6 puntos á UE, Galiza só en 3, e, despois de Canarias -que apenas mellorou 2 puntos-, a comunidade que menos distancias acurtou nestes últimos anos, e isto mália a perda constante de poboación que vén padecendo e que lle permite converxer pasivamente.

PIB per cápita en termos de paridade de poder adquisitivo (PPA) Índice (UE = 100)		
	1995	2002
Madrid	103	112
Navarra	99	107
País Vasco	93	105
Baleares	97	103
Catalunya	96	101
A Rioxa	90	96
Aragón	85	91
Cantabria	73	83
C. Valenciana	74	81
Castela e León	75	79
Canaria	75	77
Asturias	69	73
Múrcia	65	72
Castela-A Mancha	64	67
Galiza	63	66
Andalucia	58	64
Extremadura	49	54
<b>Média</b>	<b>78</b>	<b>84</b>

Superan o 100% da UE

Entre o 100 e o 75% da UE

Por debaixo do 75% da UE

Fonte INE:

Segundo os datos anteriores, as diferenzas entre as distintas comunidades están-se agrandando nos últimos anos ao seren as comunidades que partian dunha situación peor, as que menos reduciron ou as que menos converxeron coa média europea.

**No Estado español, aumentan as diferenzas entre as distintas comunidades**

Ainda que todas melloraron, no ano 1995 a distancia entre a comunidade máis rica e a máis pobre era de 54 puntos; no ano 2002 é de 58 puntos, é dicir, o “abano” ou “acordeón” das diferenzas abriu-se máis.

Isto pon en cuestionamento toda a política de reparto dos fondos estruturais, sobretudo das rexións obxectivo 1, que foron, en xeral, as que menos medraron. O reparto non debe estar sendo moi xusto, cando as diferenzas entre comunidades medran tanto e cando, en xeral, son as máis ricas as que máis medran.

Se comezamos por abaixo, das que partian dunha posición inferior ao 70% da media comunitaria, somente Múrcia medrou un punto máis que a media e Andalucía igual; as outras experimentaron medres inferiores, destacando o caso de Galiza que somente mellorou 3 puntos, a metade da media estatal. Mantén-se na terceira posición por atrás pero con Andalucía moi perto; se antes había unha diferenza de 5 puntos, na actualidade é só de 2. Estremadura tamén se aproximou máis que Galiza, 5 puntos.

Na parte de arriba da táboa, onde se encontran as máis ricas, as que superan a converxencia coa media europea melloraron considerabelmente nestes últimos 7 anos, moito máis que as que partian dun índice menor, destacando o caso do País Vasco, que aumentou en 12 puntos o seu índice. Resulta evidente o forte agrandamento das diferenzas.

Se no ano 1995 somente Madrid superaba a media comunitaria, hoxe acompañan-no: Navarra, Euscádi, Baleares e Catalunya.

Tamén é de salientar o caso de Cantábría, que partía dun valor inferior ao 75% da media comunitaria en 1995, e hoxe despois de mellorar 10 puntos a súa posición alcanza o 83% da devadita media.

A situación de Galiza é preocupante por dous aspectos basicamente: por un lado converxe pouco, menos que a media, e en parte de forma pasiva, é dicir, a perda de poboación que actúa de denominador neste índice, ao estar descendo, fai que o resultado aumente, que o índice sexa maior, e polo tanto que exista unha maior converxencia.

Outro aspecto preocupante é que a entrada de novos países na Unión Europea tiran da media comunitaria cara a abaixo, co cal Galiza pode encontrar-se doadamente fóra de ser rexión obxectivo 1, mentres permanece nunha situación moi débil, como vimos anteriormente, perder financiamento e empiorar aínda máis a súa precaria situación.

## 2 Beneficio empresarial.

Dos resultados das empresas non financeiras que trimestralmente publica o Banco de España através da súa central de balanços, extraemos os datos dos tres últimos anos e que amosamos a seguir:

<b>Taxas de crecemento sobre as mesmas empresas en igual período do ano anterior.</b>			
	<b>I a IV 00/ I a IV 99 (a)</b>	<b>I a IV 01/ I a IV 00 (a)</b>	<b>I a IV 02/ I a IV 01 (a)</b>
<b>Valor da produción</b>	17,8	1,5	4,5
<b>Recursos xerados</b>	12,0	5,3	4,6
<b>Gastos de persoal</b>	5,5	4,6	3,9
<b>Resultado neto</b>	14,6	-13,0	-31,2
<b>Rendibilidade do activo neto</b>	8,4	7,9	9,0
<b>Intereses sobre financiamento recibido sobre os recursos alleos con custo</b>	5,6	5,2	4,6
<b>Rendibilidade dos recursos próptios</b>	10,4	10,1	12,9
<b>Rateo de endebedamento</b>	46,3	49,9	50,7
<b>Apancamento financeiro</b>	2,8	2,7	4,4

Fonte: Central de Balances Trimestral do Banco de España.

(a) Os datos desta columna son a media aritmética dos datos trimestrais.

Reflecte-se unha recuperación da produción no exercicio 2002 despois da forte caída que se producira no 2001 pero moi lonxe dos incrementos acadados en anos anteriores; de todos os xeitos debemos matizar o dado, xa que, aínda que o dado reflecte a media dos datos trimestrais, no último trimestre observábase certa desaceleración, que con toda probabilidade se agrave no ano que estamos, en vista non só da situación do Estado español, senón tamén do panorama internacional na que economía está imersa.

Xunto á recuperación da produción, temos que salienta do cadro anterior a ralentización en máis de medio punto dos gastos de persoal, o que contribuíu ao reducido incremento do emprego (somente se incrementou nun 0,2% o número de empregados neste grupo de empresas), así como a ralentización no crecemento das remuneracións medias.

Este menor crecemento dos gastos de persoal que o valor engadido bruto, contribuíu a que o resultado económico bruto de explotación pasase dun medre do 3,3% en 2001 a un 4,6% en 2002.

O descenso dos gastos financeiros nun 6,5% –frente ao incremento dun 9,2% no exercicio anterior–, polo descenso dos tipos de interese, aliviou un ano máis as contas de resultados das empresas. Porén, apesar destas condicións financeiras favorábeis non foi significativo o incremento do endebedamento das empresas (o rateo de endebedamento pasou dun 49,9 no ano 2001 a un 50,7 en 2002, o que talvez se explique pola incerteza económica reinante que fai pospor calquer decisión de investimento).

As fortes provisións practicadas neste último exercicio (que medraron un 255,4%), se cadra como reacción á recesión internacional anunciada e agora confirmada, levou a que aumentase o resultado neto negativo un 31,2%. Isto non afectou as rendibilidade xa que estas se calculan co resultado das actividades ordinarias, que como dicíamos anteriormente mellorou.

A rendibilidade dos recursos propios, que mede a rendibilidade do investimento dos propietarios da empresa, situou-se no 12,9 de media trimestral no ano 2002, cun incremento de case tres puntos con respecto ao mesmo período do ano anterior. É un valor alto e un incremento importante neste último ano.

3

## En Galiza persisten fortes movementos migratorios.

Constantemente estamos escoitando falar de inmigrantes: do número que entra, de onde veñen, das condicións nas que se atopan... mais isto non nos pode facer esquecer que os galegos seguen a emigrar. Persiste unha forte emigración interna –cambiando de concello ou de provincia– e unha nada desprezábel emigración externa, fundamentalmente a outras comunidades do Estado español. O que si está practicamente freada é a emigración a outros países; de feito no ano 2001 non hai contabilizado nengun galego que saíse de Galiza cara a outro país de fóra do Estado español.

Os datos do ano 2001 son os amosados a continuación:

Emigrantes segundo provincia de procedencia							
	Fluxos internos			Emigración			Total
	Á mesma provincia	Á outra prov. de Galiza	Total	Á outra CCAA	Ó estranxeiro	Total	
A Coruña	16.826	2.370	19.196	6.499	0	6.499	25.695
Lugo	3.292	1.571	4.863	1.698	0	1.698	6.561
Ourense	5.296	1.707	7.003	2.430	0	2.430	9.433
Pontevedra	9.208	2.402	11.610	5.401	0	5.401	17.011
<b>Galiza</b>	<b>34.622</b>	<b>8.050</b>	<b>42.672</b>	<b>16.028</b>	<b>0</b>	<b>16.028</b>	<b>58.700</b>

Fonte: IGE. Movemento migratorios 2001.

En concordancia co peso poboacional que cada provincia ten sobre o total de Galiza, son, en valores absolutos, as dúas provincias atlánticas onde as emigracións son maiores, aínda que percentualmente é na provincia de Ourense, a máis pobre, onde se producen os maiores desprazamentos.

Imos centrar-nos fundamentalmente nas saídas fóra de Galiza polo de perda de poboación que isto significa para esta comunidade xa que os movementos dentro de Galiza poden, en parte, compensar uns a outros.

No ano 2001, saíron de Galiza, cara a outras comunidades do Estado español, 16.028 galegos. Son as causas económicas, é dicir, a busca dun posto de traballo o que motiva fundamentalmente todas estas saídas de poboación, polo que cumpre pór, canto antes, freo a esta lacra que segue padecendo Galiza, cuxas implicacións non son só a curto prazo –pola perda de poboación directa que isto significa–, senón tamén a médio/longo prazo, ao ser xente nova, e polo tanto en idade de procriar e de traballar e polo tanto cotizar, a que emigra fundamentalmente.

Ao ser xente moza a que marcha, isto redonda nunha maior caída da taxa de natalidade –xa de seu moi baixa–, e nunhas menores cotizacións á seguridade social, ao pasar, cando menos, parte da súa vida activa noutra zona. Moita xente logo regresa a Galiza ao xubilar-se, pasando a engrosar as listas de inactivos e axudando a desequilibrar a balanza cotizante/pensionistas, que logo se utiliza desde certos poderes para xustificar a dependencia de Galiza do resto do Estado, sen ter en conta o feito antes descrito.

As comunidades de destino destes emigrantes galegos son basicamente tres: Canárias, que absorbe o 27% dos galegos que saen fóra de Galiza; Madrid, co 14,4%; e Catalunya co 11,6%. Entre as tres acapanan o 53% dos novos galegos residentes fóra de Galiza.

O 58% dos galegos que marchan fóra da Comunidade teñen unha idade comprendida entre os 16 e os 34 anos, o que demostra claramente que é a xente moza a que emigra fundamentalmente.

Por sexos, cumpre salientar que, dentro dos movementos interiores, tanto dentro da mesma provincia como a outra provincia dentro de Galiza, son máis de mulleres que de homes. Non ocorre o mesmo cando se sae fóra de Galiza; neste caso son maioría os homes, 53%, o restante 47% son mulleres.

O fenómeno migratorio non é algo novo en Galiza, como todos sabemos, nen se está reducindo nos últimos anos. A evolución, durante a década dos 90, tanto de saídas como de entradas –o que nos permite calcular o saldo migratorio– é o que expomos a continuación:

Ano	Emigrantes			Imigrantes			Saldo migratorio		
	Ao resto do Estado	Ao estranxeiro	Total	Do resto do Estado	Do estranxeiro	Total	Co resto do Estado	Co estranxeiro	Total
1990	11.404	115	<b>11.519</b>	10.196	4.532	<b>14.728</b>	-1.208	4.417	<b>3.290</b>
1991	5.978	109	<b>6.087</b>	5.812	3.557	<b>9.369</b>	-166	3.448	<b>3.282</b>
1992	7.916	261	<b>8.177</b>	8.523	6.308	<b>14.831</b>	607	6.047	<b>6.654</b>
1993	8.136	101	<b>8.237</b>	9.246	5.155	<b>14.401</b>	1.110	5.054	<b>6.164</b>
1994	9.272	32	<b>9.304</b>	10.024	4.286	<b>14.310</b>	752	4.254	<b>5.006</b>
1995	10.410	13	<b>10.423</b>	10.011	4.354	<b>14.365</b>	-399	4.341	<b>3.942</b>
1996	8.110	3	<b>8.113</b>	6.434	3.204	<b>9.638</b>	-1.676	3.201	<b>1.525</b>
1997	11.653	3	<b>11.656</b>	9.515	5.908	<b>15.423</b>	-2.138	5.905	<b>3.767</b>
1998	14.169	3	<b>14.172</b>	10.595	6.850	<b>17.445</b>	-3.574	6.847	<b>3.273</b>
1999	15.880	1	<b>15.881</b>	10.742	8.506	<b>19.248</b>	-5.138	8.505	<b>3.367</b>
2000	17.281	1	<b>17.282</b>	11.628	12.547	<b>24.175</b>	-5.653	12.546	<b>6.893</b>
2001	16.028	0	<b>16.028</b>	11.799	11.395	<b>23.194</b>	-4.229	11.395	<b>7.166</b>

Fonte: IGE. Movemento migratorios 2001.

Son dúas as principais conclusións a extraír do cadro anterior:

- √ Continua a saída de galegos, e en aumento, cara a outras autonomías do Estado.
- √ A chegada de inmigrantes, procedentes cada vez en maior medida do estranxeiro, fan que Galiza teña un saldo migratorio positivo.

No que atinxe á primeira das conclusións, é especialmente grave esta sangría nun momento en que Galiza viveu anos de importantes crecements económicos, que como dicíamos no primeiro apartado deste informe non se traduciron en igual medida na creación de emprego, o cal queda en evidencia en vista dos datos anteriores.

A falla de postos de traballo –sobre todo a falla de postos de traballo de calidade– é sen lugar a dúbidas a causa desta situación, xa que moita da xente que marcha fai-no na procura dunhas condicións laborais, na maioría dos casos salariais, que aquí non atopa, o que leva a saír fóra de Galiza persoal novo e na maioría dos casos cualificado.

Dentro dos inmigrantes temos que distinguir dous grupos: os chamados inmigrantes retornados, que normalmente volven ao seu concello de nacemento, e o resto.

No ano 2001 foron máis de 4.600 os que volveron ao seu concello de nacemento, dos cais un 16% volta con máis de 65 anos, é dicir, a xubilarse. Pero o número máis elevado deste grupo é o de idades comprendidas entre os 25 e os 54 anos, que volven fundamentalmente doutra comunidade do Estado; o que deixa en evidencia a alta temporalidade no emprego que impera nestes momentos e que produce en gran medida esta alta porcentaxe de poboación movendo-se.

Dos inmigrantes procedentes do estranxeiro, un 34,8% son de nacionalidade española, posibelmente emigrantes retornados ou familiares de emigrantes, dos cais un 25% procede de Suíza. Arxentina e Venezuela son os outros países cunha maior porcentaxe.

O restante 65,2% dos inmigrantes procedentes do estranxeiro non son de nacionalidade española; o 67% destes no ano 2001 procedía de América do Sul, fundamentalmente de Colombia e Arxentina; estes dous países representan o 63,2% dos inmigrantes de América do Sul (Colombia 44,4% e Arxentina 18,7%).

Da Unión Europea destacan os portugueses, co 61,2% dos inmigrantes desta zona.

No que atinxe á idade, o 86,7% son menores de 44 anos, e un 18% non chega aos 16 anos, o que fai pensar que moitos dos inmigrantes son familias con fillos novos.

En relación á diferenza entre entradas e saídas, é dicir entre inmigración e emigración, o saldo migratorio é positivo nos últimos anos para Galiza; no ano 2001 foi de 7.166 persoas, o que en parte compensa a perda de poboación que ano a ano perde polo crecemento vexetativo (diferenza entre nacemento e defuncións), que para Galiza é negativo por mor do elevado avellentamento que en parte é consecuencia da emigración, que como dicíamos anteriormente se segue padecendo.

No ano 2001 o saldo vexetativo galego foi negativo en 8.760 persoas, polo que o saldo migratorio non compensa totalmente este, ao ser de 7.166 persoas, polo que se dá unha perda neta de poboación de 1.594 habitantes.

### **O saldo migratorio non compensa o decrecemento vexetativo en Galiza.**

Os datos de movemento natural da poboación do ano 2002 amosan un incremento deste saldo vexetativo, ao ser de -8.925 persoas neste último ano, o que supón un incremento dun 1,8% con respecto a 2001.

Galiza é a comunidade do Estado español co peor saldo vexetativo no ano 2002 e coa segunda taxa de natalidade (7,18) máis baixa despois de Asturias, onde é de 6,39.

## Aumentou 2,12 puntos, en 2002, a porcentaxe de fogares galegos baixo a liña da pobreza

Segundo os datos extraídos da enquisa de condicións de vida das familias galegas, elaborado polo Instituto Galego de Estatística para o ano 2002, perto do 10% dos fogares galegos viven baixo a liña da pobreza.

Porcentaxe de fogares baixo a liña de pobreza			
	2001	2002	Diferenza
A Coruña	7,41	9,90	2,49
Lugo	6,92	8,08	0,67
Ourense	10,48	11,68	1,20
Pontevedra	6,74	9,14	2,40
<b>Galiza</b>	<b>7,54</b>	<b>9,66</b>	<b>2,12</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2002 e 2001

É preocupante o forte incremento de fogares que viven con moi escasos recursos en Galiza no último ano, 2,12 puntos de aumento con respecto ao ano anterior, até acadar perto do 10% das familias galegas.

As diferenzas entre as distintas provincias son elevadas e a evolución no último ano tamén é moi distinta: a provincia de Ourense é a que presenta un número maior de fogares nesta situación, 11,68%. Con respecto ao ano anterior, aumentou 1,20 puntos.

No extremo contrario está a provincia de Lugo, co 8% dos fogares vivendo en condicións moi precárias. Foi a provincia onde menos medrou no último ano o número de familias nesta situación.

Nas provincias da Coruña e Pontevedra foi onde se produciron os maiores incrementos neste último ano; son, así mesmo, as provincias máis povoadas e as que están absorbendo os maiores desprazamentos de poboación, o que en parte pode explicar este forte aumento da pobreza no seu seo, xa que aínda que actúan como foco de atracción, a situación –sobre todo a do mercado laboral– non é tan boa, o que leva a aumentar o número de parados e polo tanto de pobres, sendo esta pobreza maioritariamente urbana co agravante que isto supón.

O elevado número de fogares con nengunha persoa activa axuda a clarificar a situación anterior:

Fogares segundo o número de persoas activas.					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Nengunha	30,73	36,04	43,62	24,86	<b>31,29</b>
Unha	28,29	23,62	22,05	33,09	<b>28,37</b>
Dúas	28,50	25,23	26,36	28,41	<b>27,75</b>
Tres	8,69	11,22	4,85	9,33	<b>8,71</b>
Catro ou máis	3,78	3,89	3,11	4,31	<b>3,88</b>
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 2002

O elevado avellentamento que padece Galiza, sobre todo das dúas provincias máis orientais, reflecte-se no cadro anterior, onde se ve que un 31,3% dos fogares galegos non teñen nengunha persoa en activo; as diferenzas entre provincias tamén son moi importantes.

No 43,6% dos fogares da provincia de Ourense –que é a máis envellecida e a máis pobre– non hai ningunha persoa traballando nen buscando emprego; é dicir, son maioritariamente xubilados ou pensionistas. As xubilacións en Galiza son baixas en xeral, e máis nesta provincia, na que, xunto co importante peso que ten o sector primario, os pensionistas cobran maioritariamente a pensión mínima; están as do réxime xeral, tamén baixas xa que nesta provincia os sectores produtivos predominantes se caracterizan por ser abundantes en man de obra pouco cualificada –por exemplo, a lousa, o téxtil, a construción...–, e de baixos salários, o que implica baixas pensións, e o que explica, xunto á falla de postos de traballo, a grave situación ourensá.

Lugo é a outra provincia en que o número de fogares sen activos está por riba da media; neste caso afecta ao 36,04% dos fogares, unha porcentaxe así mesmo moi elevada.

A Coruña ten o 30,7% dos fogares sen activos e Pontevedra co 24,8% pecha esta clasificación.

Na maioría dos fogares hai unha ou máis persoas en activo, o que non implica que teñan emprego; unha alta porcentaxe destas están paradas.

5

## **A taxa de paro feminina máis que duplica a masculina**

Como a maioría dos datos deste boletín fan referencia ao ano 2002, imos dar unhas pinceladas sobre o mercado de traballo neste ano antes de facermos unha breve descrición do primeiro trimestre do 2003, por estaren os datos xa publicados.

No ano 2002 deu-se un medre da poboación maior de 16 anos en Galiza dun 0,5%, poboación que pasa a sumar os activos que se incrementan nun 2,2%, mentres a poboación inactiva desce nun 0,9%.

Este bo dado que en principio é o aumento dos activos, perde parte do seu valor cando vemos o reparto entre ocupados e parados, xa que son estes últimos os que en maior medida se incrementan. Mentres a poboación ocupada só medra un 0,9%, o número de parados aumenta un 12,5%.

A taxa de actividade, con estes novos datos, sitúa-se no 51,4% da poboación maior de 16 anos, con fortes diferenzas entre homes e mulleres: a taxa de actividade entre os homes acadou ao 62,2% dos maiores de 16 anos, 0,6 décimas máis que hai un ano; e a das mulleres ao 41,6%, 1 punto máis que hai un ano. Vemos como as diferenzas entre uns e outros son de 20,6 puntos.

A baixa participación das mulleres na actividade produtiva denota a falla de postos de traballo existente en Galiza, sobretudo a falla de postos de traballo de calidade, ben remunerados e distribuídos por todo o territorio que permitan ás mulleres emancipar-se e conciliar a vida laboral e familiar e non se ver abocadas a abandonar o mercado laboral, como sucede nestes momentos, nun número importante de casos, para facer-se cargo da familia.

Un ano máis foi o sector primario o que padeceu a maior desfeita de postos de traballo ao perder un 12,7% dos seus ocupados (20.200 traballadores), en só un ano; o resto dos sectores compensou en parte este declive xa que en todos eles aumentou o número de empregos, pero globalmente só aumentou un 0,9% o número de ocupados: 9.500 persoas.

Xunto a este leve aumento da ocupación continuou o proceso da asalarización do mercado de traballo en Galiza; o número de asalarizados cada vez ten maior peso sobre a poboación ocupada, pero estes novos asalarizados son maioritariamente con contrato temporal.

Os datos do ano 2001 e 2002, últimos publicados, son os seguintes:

Porcentaxe de asalarizados segundo tipo de contrato e sexo						
	2001			2002		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
C. Indefinido	66,8	64,1	65,7	67,2	62,0	65,2
C. Temporal	33,2	35,9	34,2	32,8	38,0	34,8
Total	100	100	100	100	100	100

Fonte EPA IGE: Medias Anuais. Datos en %

Globalmente a temporalidade aumentou 6 décimas no ano 2002; pasou dun 34,2% en 2001 a un 34,8% en 2002 pero cunha traxectoria distinta segundo falemos de homes ou mulleres.

Entre os homes desceu lixeiramente, catro décimas, ao pasar dun 33,2% a un 32,8% en 2002, pero entre as mulleres disparou-se de maneira alarmante, 2,1 puntos nun ano; pasou dun 35,9% en 2001 a un 38% en 2002.

Este aumento da temporalidade feminina dá-se nun ano en que o aumento do emprego feminino é moito menor que o masculino; este último case triplica o medre do feminino.

No que atinxe ao número de parados, este medrou un 12,5% en 2002, sendo maior tamén o aumento do paro no caso das mulleres; o 61% da poboación parada de media no ano 2002 foron mulleres.

Xa centrando-nos nos datos coñecidos do ano 2003, os do primeiro trimestre, continua a mesma tendencia descrita anteriormente para a media do ano 2002. A poboación activa medra en 20.700 persoas con respecto ao trimestre anterior, pero pasan a engrosar en maior medida as fileiras de parados que de ocupados. Os datos son os que seguen:

		IV Trimestre 2002	I Trimestre 2003	Diferenzas	
				Absolutas	Relativas
<b>Activos</b>	Homes	729,3	720,9	8,4	1,2
	Mulleres	547,8	535,5	12,3	2,3
	<b>Total</b>	<b>1.277,1</b>	<b>1.256,4</b>	<b>20,7</b>	<b>1,7</b>
<b>Ocupados</b>	Homes	662,6	659,1	3,5	0,5
	Mulleres	439,4	435,8	3,6	0,8
	<b>Total</b>	<b>1.102,2</b>	<b>1.095,0</b>	<b>7,2</b>	<b>0,7</b>
<b>Parados</b>	Homes	66,7	61,8	4,9	8,6
	Mulleres	108,3	99,7	8,6	9,5
	<b>Total</b>	<b>174,9</b>	<b>161,4</b>	<b>13,5</b>	<b>9,2</b>

Fonte EPA IGE: I trimestre 2003. Datos en milleiros. Diferenzas relativas en %

Aumenta en 20.700 persoas o número de persoas activas no primeiro trimestre do ano 2003, pero mentres o número de ocupados medra un 0,7%, 7.200 novos empregados, a poboación parada medra un 9,2%, 13.500 parados máis que ao final de 2003.

**A poboación parada medra un 9,2% no primeiro trimestre de 2003**

Os novos activos que se incorporaron ao mercado de traballo en Galiza no primeiro trimestre do ano 2003 foron maioritariamente mulleres –nun 60% dos casos– pero, como xa vén sendo habitual, pasaron a engrosar maiormente a lista de paradas que a de ocupadas: 3.600 novas ocupadas e 8.600 novas paradas.


Os 8.400 novos activos homes en Galiza repartíronse: 3.500 ocupados e 4.900 parados.

Con estes novos datos a taxa de actividade medrou 8 décimas neste primeiro trimestre, dun 52% a un 52,8%, sendo o medre maior na taxa de actividade feminina (dun 42,1% a un 43,1%) que no da masculina (dun 62,8% a un 63,5%).

No que atinxe á taxa de paro, pasou dun 12% a un 12,8%, medrando o dobre a taxa feminina (dun 17,4% a un 18,6%) que a masculina (dun 8% a un 8,6%). Nestes intres, a taxa de paro feminina máis que duplica a masculina.

6

## A inflación interanual acadada no mes de maio o 2,7%



Por grupo de produtos os que máis se destacaron por experimentar variación positivas importantes nos últimos 12 meses foron:

- √ Vestido e calzado, que no último ano aumentaron un 5,5% os seus prezos.
- √ A ensinanza, cunha taxa anual que é do 4,9%; e
- √ Alimentos e bebidas non alcohólicas, cuns prezos que aumentaron un 3,6% nos últimos 12 meses.

No que atinxe a Galiza, para o mesmo mes, a inflación sitúa-se no 2,9%, dúas décimas por riba da media estatal.